

Máis de 30.000 persoas esixiron en Ferrol carga de traballo para Navantia

Máis de 30.000 persoas participaron o 24 de febreiro en Ferrol nunha manifestación de toda a comarca para esixir carga de traballo para os estableiros de Navantia, dos que dependen milleiros de familias.

A marcha formou unha ringleira de case dous quilómetros e contou con representantes institucionais dos concellos da comarca, así como con deputados da oposición da Cámara galega.

A manifestación finalizou na praza de Armas, onde leron un manifesto no que se denuncia que a «desfeita» laboral e so-

cial «ten culpables». Tamén se esixiron solucións á crise do naval, que representa o 40% do emprego da comarca ferrolá —cun 30% de paro—, e no que se perderon máis de mil postos de traballo nos últimos meses.

O naval é fundamental na comarca de Ferrol, que ten unha taxa de paro do 30%



A marcha formou unha ringleira de case dous quilómetros

O sector da Administración local de CCOO critica o anteproxecto da nova Lei de bases de réxime local

O sector da Administración Local de CCOO de Galicia acusa o Goberno do Estado de pretender aplicar unilateralmente, con este anteproxecto de lei, novos recortes de servizos á cidadanía e reducir aínda máis o emprego público coa destrución de postos de traballo nos concellos.

CCOO denuncia que, de se aplicar a nova Lei de bases de réxime local nos termos que o Executivo central expón, os concellos deixarán de xestionar servizos públicos esenciais en moitos casos.

O sindicato acusa o Goberno de pretender aplicar unilateralmente novos recortes de servizos á cidadanía, así como de prexudicar aínda máis o emprego público. Para a FSC-CCOO, o anteproxecto de lei afectará a prestación de servizos sociais especia-

lizados (casas de cultura, centros de promoción da saúde, casas da muller, servizos de teleasistencia ou axuda no fogar, entre outros), servizos de formación para o emprego, servizos de vixilancia, limpeza e conservación e mantemento de colexios públicos.

Para o sector da Administración local da FSC-CCOO, esta proposta legislativa, que ten un gran calado social, preséntase unha vez máis sen o aval do consenso político e social. Na súa motivación non hai referencias á satisfacción das necesidades da cidadanía por parte das Administracións, o que pon en dúbida o obxectivo proclamado dunha maior eficiencia das corporacións locais. Porén, o que con seguridade se producirá é unha drástica redución da Administración máis próxima á cidadanía, una perda

de eficiencia social, a privatización dos servizos públicos municipais e ata o desmantelamento real de moitos concellos.

Por outra parte, esta lei afectaría o emprego público e podería supoñer unha perda de varios miles de postos de traballo xa só na Administración local, que se sumarían ás perdas de emprego que se levan producido na función pública nos últimos dous anos.

Segundo CCOO, esta é unha nova reforma que, detrás dunha suposta vontade de sanear as Administracións públicas e, neste caso concreto, os concellos, non evitará as duplicidades nin os solapamentos entre administracións, nin establecerá os mecanismos de financiamento adecuados, pero si recortará aínda máis os servizos públicos.

Acordo no sector das ambulancias

A maioría dos traballadores e traballadoras do sector do transporte sanitario de Galicia asumiron en asemblea o preacordo ao que chegaran CCOO e UGT coa patronal. O documento recibiu case o 60% de votos a favor, polo que os sindicatos o consideran ratificado.

Tras varios meses de conflito e numerosas xornadas de folga, o pasado 21 de febreiro chegouse ao devandito preacordo. CCOO e UGT sometérono á votación nas asembleas que tiveron lugar na última semana do mes na Coruña, Lugo, Vigo e Ourense. Desde CCOO agradécenlle ao persoal do sector o apoio recibido, e anuncian que traballarán arreo para asinar canto antes o novo convenio colectivo para o sector.